

RÍO XALLAS

(Adela Leiro, Mon Daporta)



NACEMENTO E FONTES	Monte Castelo Cabeceiras: Vilamaior, Castiñeiras, Bazar-Xallas
LONXITUDE	64,5 km
PERCORRIDO	Poboacións: Brandomil, Ézaro
DESEMBOCADURA	Enseada de Ézaro (Océano Atlántico)
CONCA SERRAS MÁIS IMPORTANTES	Superficie: 504,2 km ² Concellos: Coristanco, Santa Comba, A Baña, Zas, Mazaricos, Carnota e Dumbria NORTE: Buxantes, Cabral, Costa de Santiago SUR: As Paxareiras, Cotón, As Candas, Fontemago LESTE: Monte Castelo
AFLUENTES DEREITA	Mira, García, Hospital, Clemente. Río Mira: nace na Braña Rubia e xúntase xo Xallas en Castriz (Santa Comba). Río do Hospital: nace no Chan das Lagoas (Dumbria) e xúntase co Xallas no encoro de Castrelo. Ten un percorrido con grandes desniveis entre penedos graníticos formando rápidos, pozas e pequenas fervezas.
AFLUENTES ESQUERDA	Regueira, Abuín ou Illa, Maroñas, Mazaricos, Beba, Arcos ou Adraño. Río Beba. É o afluente máis longo do Xallas. Nace no concello de Mazaricos (alto do Cotón) e xúntase co Xallas en Colúns. Rego de Arcos. Nace nos montes da Ruña e xúntase co Xallas no encoro de Santa Uxía.
FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS	O Xallas baixa do Monte Castelo e discorre maino e sinuoso, con escasa pendente na maior parte do seu curso, para acabar cun certo encaixamento e aumentando a súa pendente cara á desembocadura, onde cae nunha espectacular ferveza (Cadoiro do Xallas). No seu curso atópase gran variedade de rochas: gabros, xistos, granitos... O último treito do Xallas forma un profundo canón entre os macizos graníticos do Pindo e Buxantes, e salva un desnivel de 155 m antes da desembocadura, na que cae nun cadoiro de 40 m de altura formando unha profunda poza (máis de 20 m de profundidade). Nos afluentes do Xallas abundan as fervezas: Hospital, Xestosa, Beba, Arcos, Ribeiratorra, Mira...
CLIMA	Atlántico
TIPO DE RÉXIME	Pluvial, con augas altas no inverno e primavera.
CAUDAL	19,6 m ³ /s (moi afectado polos encoros)
FLORA	Nas marxes consérvanse bosques de ribeira con amieiras, salgueiros, freixos, sabugueiros e, máis lonxe da auga carballos. Na beira do río hai pé de boi, oucas, fentos, brións... Nas brañas viven plantas adaptadas ao asolagamento temporal: xuncos, gramíneas, espadainas, rorelas, esfagnos, orquídeas, liño bravo, queirugas, xesta das brañas, toxos...
FAUNA	O máis representativo da fauna son as aves, sobre todo paxaros (pimpín, escribentas, carrizos, pegas...), miñatos, lavancos... os anfíbios (pintafontes, sapos, ras) e os insectos (libeliñas, cabalos do demo, bolboretas...). Destaca a gran cantidade de cangrexo de río americano, especie invasora moi prexudicial para os ecosistemas.
APROVEITAMENTO	Subministro de auga para as poboacións, a agricultura e a industria; enerxía hidroeléctrica; pesca; lecer... ENCOROS: A Ferveza, Ponte Oliveira, Castrelo, Santa Uxía, (Central Pindo-Xallas)
ESPAZOS PROTEXIDOS	Parte do Xallas (desde o remate do encoro de Santa Uxía ata Ézaro) está incluído no LIC “Carnota-Pindo”. Este espazo carece dunha figura de protección xurídica, polo que moitas asociacións intentan que se declare ao Monte Pindo parque Natural. “Brañas do Xallas” un espazo proposto como LIC pendente de aprobación.
DATOS HISTÓRICOS	Toda a cunca do Xallas estivo poboada desde tempos moi antigos como testemuñan as mamos e castros. As primeiras construcións para obter enerxía hidroeléctrica do Xallas datan de 1897, en que se instalou a empresa Sociedade Española de Carburos Metálicos (hoxe forma parte do grupo FerroAtlántica).
TRADICIÓNS-LENDAS	Arredor do cadoiro do Xallas hai unha chea de lendas: desamores de princesas, poderes sobrenaturais, encantamentos, ritos... Contan que detrás da ferveza existe unha porta máxica gardada por bruxas que levará embaixo do río ao mozo que se atreva a pasar, podendo daquela casar cunha bela princesa encantada e posuír unha enorme fortuna.

CURIOSIDADES	O Cadoiro do Xallas ou Fervenza de Ézaro, na desembocadura do Xallas, é unha das máis destacadas de Galicia, pola súa beleza e por ser o único río de Europa que cae directamente no mar formando un salto. Foi citada por Frei Martín Sarmiento. Textos de 1724 falan xa da fervenza, describíndoa coma unha enorme fumareira que podía ser ollada desde varios quilómetros mar adentro. A partir da construción do encoro de Santa Uxía quedou sen auga e so se podía ver en días de moita enchente cando sobrepasaba o nivel do encoro. Despois de numerosas protestas, no ano 2000 conseguiuase que deixaran pasar a auga unhas horas á semana e, no 2012 gañouse un recurso que obriga á empresa a deixar pasar un caudal ecolóxico (arredor de 2 m³/s).
PROBLEMAS	Encoros que destrúen os ecosistemas, especies invasoras (especialmente cangrexo de río americano), contaminación... En setembro de 2013 houbo un incendio forestal de nivel 1 que afectou ao contorno da desembocadura do Xallas.

